

As vinte novas vivendas de protección oficial de Melide xa están habitadas

A consellira de Vivenda e Solo, Teresa Táboas, visitou Melide a mediados decembro para facer a entrega dos vinte pisos de promoción pública aos seus adxudicatarios. Taboás aproveitou a ocasión para comprobar in situ o estado no que quedaron os inmobles despois de que o seu departamento autonómico invertira un millón de euros para a súa construción.

Na súa visita á vila, A conselleira estivo acompañada

polo delegado de Vivenda, Xoán Carlos Bascuas, e os representantes do equipo do goberno local

Os novos pisos de carácter protexido pertencen a segunda promoción executada en Melide pola Consallaría de Vivenda e contan cunha superficie útil que vai dende os 60 metros cadrados ata os 90. Dos vinte inmobles, doce foron en adxudicación de aluguer e os oito restantes en réxime de compraventa. **P5**

MELIDE

A vila contará cun punto de información para os turistas O Concello acondicionará una antiga casa de pedra na parroquia de Furelos para acoller este servizo. Tamén se levarán actuacións para reformar un forno dos telleiros **P3**

MELIDE

O polideportivo entra de novo en funcionamento Logo dun ano estar pechado, o pavillon abriu as súas portas cun acto de inauguración oficial. A nova pista foi estreada cunha exhibición de voleibol e un partido de balomán **P4**

COMERCIO

ASETEM-CCA celebrou o seu sorteo da campaña de nadal A sede da Asociación de empresarios Terra de Melide- Centro Comercial Aberto acolleu o sorteo. No acto extraéronse os boletos agraciados que repartirán 8.700 euros entre vintetres afortunados veciños da vila que mercaron nos comercios adheridos á campaña. **P10**

DEPORTES

Melide rinde unha emotiva homenaxe a Xesús Ferreiro Multitude de persoas acudiron ao acto organizado polo Concello para ver de preto ao actual campión de España na modalidade de rallys de vehículos históricos. O piloto melidense, acompañado polos membros do seu equipo, quixo compartir o seu título cos melidenses **P19**



Un Nadal cheo de actividades

As festas de Nadal contaron cun amplo abano de actividades para celebrar esta época tan especial do ano. A orquestra sinfónica ofreceu o seu tradicional concerto de Nadal e a Coral deleitou ao público coas súas panxoliñas. Pero os verdadeiros protagonistas destas festa foron os nenos

que desfrutaron de numerosas actividades. Un circuito de maxia, carpa de xogos, cine ou representacións no rural foron algunhas das iniciativas nas que os pequenos pasaron o seu tempo de lecer antes da chegada dos reis magos que supoñía o fin das súas vacacións escolares **P12-18**

Editorial

A Campaña, un éxito

O luns, 8 de xaneiro, a sede de ASETEM-CCCA acollueu un sorteo moi especial. Tratabáse do sorteo da campaña de nadal, O teu centro comercial está en Melide, que por terceiro ano consecutivo organizabamos a Asociación de Empresarios Terra de Melide-Centro Comercial Aberto. Baixo a testemuña principal do notario, dúas más inocentes extraeron os boletos premiados que repartirán o seu particular agasallo de reis entre os vintetres melidenses agraciados. Sen dúbida, este sorteo foi especial, especial para os veciños que viron como mercar en Melide ten a súa recompensa e especial para ASETEM-CCA que comprobou como esta campaña foi todo un éxito, Este ano esforzamonos aínda máis e promovimos a campaña con máis car-

tos dende que naceu esta iniciativa aló polo ano 2005. Todo co obxectivo de que a clientela dos nosos establecementos estivera tan satisfeita como os propietarios lles están agradecidos de ser tan fieis e ter tanta confianza depositada nos seus servizos anos tra ano.

Axiña, os escaparates dos comercios voltaran a vestirse con novos carteis da campaña, etá vez para informaraos clientes dos números que resultaron agraciados no sorteo. Así que mon perdan a oportunidade de votarlle un ollo aos seus boletos porque a sorte pode agocharse en calquera dos seus petos. Dende a nosa editorial agradecemos, de novo, aos nosos veciños a súa confianza depositada no comercio a través das súas compras nel e que os gañadores desfruten dos seus premios.

Tribuna de opinión

Outro ano máis

JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ ÁLVAREZ

Comenzou o ano 2008 e con el trouxo o inicio do período de rebaixas e tamén a temida costa de xaneiro. Aínda non nos recuperamos nas nosas economías familiares dos derroches feitos ao longo do Nadal e atopámonos cun mes cheo de máis gastos, nos que contribúe tamén o estado coa subas nas súas tarifas da luz, o gas ou o teléfono. O que me preocupa é que teñamos que pagar máis nestes servizos tan esenciais na nosa vida cotía e que, sen embargo, os soldos dos traballadores estean estancados sen que nadie pareza decatarse de que se os gastos se incrementan os ingresos deberían seguir a mesma liña. A balanza da vida debe estar equilibrada posto cos defectos ou os excesos endexamais foron sinal de boa cousa.

Menos mal que, alomenos, temos unha baixa nalgo coa campaña de rebaixas nos establecementos comerciais que nos axudan a seguir mercando pero aforrando, ao mesmo tempo, un pouco máis nos nosos petos. Temos agora unha boa oportunidade para adquirir produtos da tempada coa mesma calidade pero con prezos moito máis asequibles. Eu aproveitaría esta ocasión para invirtir, sobor todo, no eido do textil e ocalzado poque moito me temo que se o inverno chegou tarde tampouco vai ter moitas gañas de abandoarnos tan axiña. Nestas rebaixas aconsellaría de que nos non deixemos levar polas compras impulsivas e que realmente cavilemos qué é o que necesitamos.

Cerne Terra de Melide

Edición dixital en www.asetem.com

Publicación mensual de distribución gratuíta. 2.000 exemplares.

DIRECCIÓN e REDACCIÓN: Ángeles Buján Ramos

EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide (A.S.E.T.E.M)

ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)

Telf. e Fax: 981506188 Correo electrónico: info@asetem.com

COLABORACIÓNS: Xosé Domingos Fuciños, Luísa, Martínez, CEIP Pastor Barral, Daniel Roibás.

AGRADECEMENTOS: Jorge Sanguíao, Mª Pilar López

IMPRESIÓN: Norprensa S.A.

DEPÓSITO LEGAL: LU-456-05

Cerne Terra de Melide non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

Suscribase ao noso xornal

Se quere recibir o Cerne no seu domicilio, chame ao 981.50.61.88.

Infórmese sen compromiso

O Concello acondicionará unha casa de pedra en Furelos para dar información aos turistas

O Director Xeral de Turismo amosou o seu apoio ás novas iniciativas municipais

O Director Xeral de Turismo, Rubén Lois, visitou Melide, para coñecer de primeira mán os diferentes proxectos nos que está a traballar o equipo de goberno municipal na parroquias de Furelos e do Leboreiro que se atopan en pleno Camiño de Santiago. Entre as iniciativas que plantexan levar a cabo o executivo local, está a de mercar unha antiga casa de pedra, ubicada xunto a ponte medieval de Furelos, coa finalidade de reformala e convertila nun punto de información turística do municipio. A situación do inmovible é a axeitada xa que no lugar onde se atopa é paso obrigado dos peregrinos e nela os visitantes



Un dos fornos dos telleiros que será reformado polo Concello

poderan recibir todo tipo de información relativa ao concello e ao Camiño de Santiago. Outra das características que fan desta casa como a mellor candidata para albergar o punto de información é a súa cercanía ao centro da vila de pouco máis dun kilómetro. No Leboreiro a adquisición será un vello forno dos telleiros, un oficio que tivo moita tradición nestas parroquias da ruta xacobeá. Con esta iniciativa o gober-

no municipal tenta poñer en valor os últimos fornos de tellas que se conservan na comarca e crear unha ruta turística. Na visita aos lugares, o Director Xeral de Turismo estivo acompañado pola alcaldesa de Melide, Socorro Cea, o concelleiro de Turismo, Antonio Díaz, e mailo director do Museo Terra de Melide, Xosé Manuel Broz, na súa calidade de colaborador nestes proxectos.

Rubén Lois apoiou estas iniciativas e comprometeuse a destinar unha partida económica de máis de 36.000 euros para a adquisición deste patrimonio. O concelleiro de Turismo, Antonio Díaz, asegurou que con esta actuación *o Concello está prestando atención, por primeira vez, ao enorme potencial etnográfico, cultural e artístico que hai nas nosas parroquias e que se está perdendo.*

A área recreativa do Furelos será dotada de novas melloras

O Director Xeral de Turismo tamén manifestou a colaboración do seu departamento coa dotación de novo mobiliario urbano para a área recreativa do río Furelos. Acadase deste xeito unha das demandas que o Concello solicitara cando, a principios do mes de decembro, a alcaldesa de Melide entevistárase con Rubén Lois en Santiago de Compostela. Na reunión a rexedora melidense amosou ao titular de Turismo a súa preocupación polo mal estado no que se atopaba a praia fluvial. Explicoulle que esta situación provocaba que moitas persoas do municipio se vinse obrigadas a desprazarse a outros sitios no verán. Na xuntanza outro dos temas a tratar foi o da promoción de produtos tradicionais da vila como os ricos, os melindres e os amendoados e que o Concello tenta potenciar como reclamo turístico do municipio.

O Consello da Xunta achega 257.000 euros para melloras de edificios municipais

O último Consello da Xunta aprobou a sinatura dun convenio entre a Consellaría de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello de Melide en virtude do cal achegaranse 257.000 euros para o acondicionamento e remodelación de varios inmovibles de titularidade municipal. Esta partida destinarase as obras de mellora da escola infantil, do edificio Multiusos, do Centro Socio Cultural e do velorio. No caso da gardería e do Multiusos, as obras e refor-

mas xa se realizaron nos últimos meses. A Escola infantil, ao longo do verán, modificou as súas instalacións na súa zona ampliada para adecualas á normativa vixente. Neste senso reformouse os aseos para minusválidos, ampliáronse os accesos aos despachos do persoal e mellorouse a seguridade no centro coa elaboración dun plan de evacuación e a dotación dunha alarma e estintores. En canto o edificio Multiusos, as obras realizadas foron a remodelación

dunha planta do inmovible para habilitar unha sala de exposicións, a construción dun telecentro, o acondicionamento da instancia onde asisten os alumnos do Centro Ocupacional e a reforma das aulas para impartir a clase de música e movemento para os escolares do conservatorio de música. Ademais este edificio tamén foi dotado de medidas de seguridade. Coa rúbrica deste convenio, a Consellaría de Presidencia e Xustiza tenta mellorar a prestación dos servizos locais e



O Multiusos foi un dos edificios con máis melloras

satisfacer as necesidades dos veciños. Pola súa banda, o Concello de Melide poderá pagar, grazas a

este acordo, as obras e reformas xa acometidas nos últimos meses do 2007 nos diferentes edificios.

A pista inaugurouse cunha exhibición de voleibol e un partido de balonmán O polideportivo municipal abre de novo as súas portas logo dun ano de peche

A agardada apertura do pavillón de deportes, logo dun ano de permanecer pechado, celebrouse cunha exhibición de Voleibol do equipo feminino Emevé de Lugo e un partido de balonmán entre o Portadeza Lalín e o Cangas Frigoríficos do Morrazo.

Antes de escomenzar estas actividades deportivas a alcaldesa de Melide, Socorro Cea, realizou a inauguración oficial do novo firme asegurando a tódolos asistentes á reapertura que para o novo goberno *esta é a primeira obra rematada e agardada dende hai tempo*. Cea tamén lembrou o longo que foron os trámites burocráticos en contapunto coa rapidez con que se realizaron as obras.

Neste acto tamén estiveron presentes o 1º tenente da alcaldesa, Manuel Prado, a concelleira de Benestar, Case Rodríguez, o concelleiro de deportes, Antonio Varela, o membro da oposición, San-



A rexedora melidense, membros do equipo do goberno e da oposición co equipo de voleibol

tos López e o representante da empresa encargada das melloras, Manuel Rodríguez.

As obras

O pavillón municipal pechou hai un ano por mor das derramas que provocaron no seu firme as filtracións de aceite dunha pista de xeo que o anterior goberno instalará no edificio o pasado inverno.

As obras de mellora do

chán custaron 60.000 euros, dos cales a Consallaría de Cultura achegou 40.000.

Os amaños comezaron a principios de decembro e dotaron o polideportivo dunha nova superficie de PVC que permitirá a práctica de deportes como o fútbol sá, baloncesto, bádminton, balonmán e tenis.

Os traballos de reposición do firme complementaron-

se co pintado das gradas e canastras e da complexa estrutura metálica do teito. Tamén as enormes cortinas do recinto foron acondicionadas mediante unha profunda limpeza xa que levaban máis de vinte anos sen lavar.

Para o ano 2008, o Concello proxecta levar a cabo máis melloras como son o acondicionamento do ximnasio, as duchas e a entrada principal.

Solicítase un taller de emprego sobre enerxías renovables

O 1º tenente da alcaldesa, Manuel Prado Puga, entrevistouse co Conselleiro de Traballo, Ricardo Varela, para solicitarlle un obradoiro de emprego baseado nas enerxías renovables.

Este taller, que se integra dentro do chamado plan *Melide Renova* elaborado polo Concello, tenta colocar en algún edificios públicos placas solares para dotalos de auga quente para a calefacción e poder aproveitar mellor a enerxía na electricidade dos inmobles. Esta iniciativa suporía segundo lle explicou Prado ao titular de traballo *un aforro considerable para as arcas municipais, ao mesmo tempo que avanzaríamos na aplicación de fontes de enexía limpas e respetuosas co medio ambiente*.

O obradoiro tamén serviría para axudar á inserción no mercado laboral de moitos melidenses porque *formaríanse profesionalmente a veciños nun sector da industria que terá un gran auxe no futuro* asegurou Prado durante a xuntanza.

Un novo tractor con desbrozadora axudará á limpeza das zonas rurais

O concello de Melide conta dende hai unhas semanas cun novo tractor desbrozadora que facilitara a limpeza das pistas e os camiños das vinteseis parroquias que conforman o municipio. Este novo equipamento acadouse grazas a un convenio asinado pola Consellería de Medio Rural e que achegou 62.000 euros ao Concello para súa adquisición.

Nos últimos seis meses, o recén goberno municipal rubricou outros acordos co titular do Rural, Alfredo Suárez Canal como o de limpeza de camiños forestais e pistas durante a tempada estival. Asemesmo, o departamento autonómico subvencionou, con 13.230 euros, os

gastos de contratación de tres persoas para conducir un camión motobomba ao longo dos tres meses da campaña de verán. Outro dos protocolos asinados neste segundo semestre do ano foi o efectuado coa Dirección Xeral de Montes que aportou uns 6.300 euros para o mantemento da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil.

Un dos últimos convenios de colaboración coa Consellería de Medio Rural realizouse no pasado mes de setembro para construír a nova Ponte Mazaira sobre o río furelos e que unirá os concellos de Melide e Toques. As obras para a súa construción xa escomenzaron hai uns días

Prado reclama melloras para os centros escolares da vila ao Delegado de Educación

O concelleiro de Educación, Manuel Prado, mantivo unha xuntanza co Delegado Provincial de Educación, José Manuel Mouriz, para trasladarlle as demandas máis urxentes que precisan os tres colexios de primaria de Melide.

Na entrevista Prado abordou a situación actual no comedor do CEIP Nº 1 que de luns a mercores sobrepasa en número de alumnos a ratio asignada para as dúas únicas cocineiras do centro. Respecto a este colexio o concelleiro melidense tamén reivindicou a necesidade de realizar melloras de saneamento no patio interior xa que nos días de choiva parte da instalación abnegase de auga debido o mal estado no que se atopan os desaugues.



Prado e mailo Delegado de educación ao remate da entrevista

No tocante o colexio Martagona, o primeiro tenente da alcaldesa amosoulle ao titular de educación unhas fotos onde se podía apreciar o deterioro do patio e solicitoulle, asemesmo, internet para todas as aulas do centro escolar. Por último, Prado reclamou para o *Mestre Pastor Barral* necesidades como o peche dunha parede da pista deportiva para evi-

tar inundacións por mor da choiva e a posibilidade de converter as antigas aulas das sedes do CEFORE e da EPSA nunha sala de informática e nunha biblioteca, respectivamente.

Trala xuntanza o Delegado Provincial de Educación comprometeuse a ir subsanando estas deficiencias dun xeito progresivo nun breve espazo de tempo.

Teresa Táboas visitou a vila para facer a entrega oficial dos pisos aos seus adxudicatarios

Vinte familias melidenses xa gozan das novas vivendas de promoción pública

A Consellaría de Vivenda investiu un millón de euros na construción dos inmobles

A Conselleira de Vivenda e Solo, Teresa Táboas, desprazouse ata Melide para facer entrega aos seus adxudicatarios dos vinte pisos de promoción pública que o seu Departamento autonómico promoveu no municipio cun investimento dun millón de euros.

A súa chegada á localidade a conselleira visitou as vivendas para comprobar in situ o estado no que quedaron os inmobles unha vez rematados.

Neste acto Teresa Táboas estivo acompañada polo delegado de Vivenda, Xoan Carlos Bascuas, a rexedora melidense, Socorro Cea, e o primeiro tenente da alcaldesa, Manuel Prado. Ao remate da visita a consellera de Vivenda realizou unhas declaracións aos medios de comunicación alí congregados. Na rolda de prensa Táboas salientou que o



A Conselleira de Vivenda atendeu aos medios de comunicación trala visita dos pisos

obxectivo do seu departamento *é poñer no mercado o maior número posible de vivenda protexida para atender a demanda das rendas con máis dificultades, garantindo así o dereito á vivenda recollido na constitución.* Ademais, a conselleira nacionalista explicou que o seu departamento avoga por promover vivenda protexida de grande calidade arquitectónica e construtiva, que sirva de referente á vivenda libre.

Despois destas declara-



Imaxe do edificio que acolle as vinte novas vivendas

cións aos medios, a conselleira e o os membros da corporación municipal trasladáronse ata o Concello onde, nun acto privado, realizouse a entrega dos inmobles aos seus adxudicatarios.

Con esta segunda promoción executada pola consellaría de Vivenda en Melide, o número de pisos destas características na vila xa fan un total de 43.

As novas vivendas

Os pisos de carácter protexido contan cunha superficie útil que vai dende os 65 a ata os 90 metros cadrados. O edificio que alberga estas vivendas de promoción pública dispón dun soto, baixo e dúas plantas. Dos vinte pisos, doce son en adxudicación de aluguer e os oito restantes en réxime de compraventa.

O acceso a estas vivendas vai dirixido só a aquelas familias cujas rendas non superen os 1.200 euros mensuais. Atendendo a este xuízo, a doce de pisos en réxime de aluguer foron para persoas con rendas de ata 718 euros e os de propiedade para os que contan cuns ingresos de ata os 1.200.

Remata o curso de albanalería do programa *Muller porque sí*

O curso de albanalería, enmarcado na programación formativa da Xunta, *Muller porque sí*, foi clausurado no Pazo de Congressos polo 1º Tenente da alcaldesa, Manuel Prado.

No acto o concelleiro de educación, ademais de efectuar a correspondente entrega de diplomas acreditativos ás alumnas, lembroulles que este curso realízase para a equiparación da muller co home no mercado laboral e que agardaba que co aprendido no trascurso do mesmo foran

unhas *fieis competidoras dos albanels profesionais.*

Durante as ducentas horas que durou esta iniciativa, as alumnas puideron aprender nocións básicas do mundo da albanalería como a colocación da lousa, da plaqueta ou de azulexos ao mesmo tempo que descubrían como elaborar tabiques de ladrillo nas súas distintas variedades.

Coa posta en marcha deste programa de *Muller porque sí*, a Consellaría de Traballo trata de que o sector feminino aposte por profesións

con saída laborais nas que actualmente están infravaloradas e, en definitiva, acadar a integración das mulleres en ocupacións tradicionalmente masculinizadas como son as do metal, madeira, transporte ou albanalería.

Para acceder a este curso as melidenses tiñen que estar inscritas na oficina de emprego. Das máis de vinte que solicitaron a iniciativa só preto de dez poideron participar nel. Durante os dous meses de duración do curso as alumnas percibiron unha axuda económica.



Os profesores e unha das alumnas con Prado na aula

BREVES

O Concello aproba máis facturas pendentes | Na última xunta do goberno local do mes de decembro voltaronse a aprobar facturas sen pagar do anterior executivo por unha coantía de 273.310 euros. Dende que entrou o novo executivo municipal xa leva aprobadas débedas por un total de 1.440.684 euros.

A alcaldesa de Melide asegurou estar satisfeita do elevado número de débedas xa pagadas pero tamén amosou á súa preocupación polo feito de que aínda quedasen moitas máis pendentes de saldar cos provedores. O actual goberno municipal tivo que pedir un préstamo bancario para poder solventar esta situación.

A Antena Cameral de Melide pecha as súas portas | A entidade desaparece logo de estar catro anos ao servizo do desenvolvemento empresarial da comarca. Nunha reunión celebrada no Concello entre os representantes da Cámara e o equipo local adoptouse non renovar o seu convenio. A Alcaldesa eloxiou o bo traballo realizado polo organismo pero xustificou a non renovación alegando que a Casa do Concello, onde estaba ubicada a Cámara, precisaba do espazo e que carecían dunha alta demanda pola banda das empresas.

A gardería estrea as súas novas instalacións e acada pechar a súa lista de nenos en espera

Grazas a apertura da nova ala do edificio 22 alumnos máis poden gozar xa deste servizo tan demandado entre os veciños

A Escola Infantil Municipal pechou a súa lista de espera logo de abrirense as novas instalacións e permitir a incorporación de 22 alumnos máis. A ampliación do edificio implicou a construción de dúas novas aulas para poder atender a gran demanda deste servizo entre os veciños do municipio e rematar co número de nenos que agardaban acceder a ela dende hai anos. Con esta apertura da nova ala, o centro conta con seis unidades e conforma a súa prantilla infantil cun total de 80 alumnos. Así, na actualidade o servizo prestase a 16 bebés, de 0 a un anos, a 25 nenos, de un e dous, e 39, dentre dous



e tres anos.

Razóns da demora

Malia cas instalacións foron inauguradas oficialmente o pasado mes de maio polo anterior grupo de goberno, non se poideron por en funcionamento ata agora por mor de que a Xunta denegaba a súa autorización.

A nova corporación municipal xustificou a demora porque, entre outros motivos, *houbo que adaptar parte das estancias construídas no mandato anterior á normati-*

va vixente. Para acadar a autorización do organismo autonómico, levaronse a cabo diferentes obras durante o verán, especialmente, no despacho da dirección que non permitía o acceso de discapacitados e nos aseos dos nenos de dous anos xa que os seus tabiques eran máis altos do permitido pola lei.

O executivo local tamén atribúe como causa da demora que o anterior goberno *nin tan sequera solicitará á Xunta a autorización do ini-*

cio da actividade. Este requirimento resultaba imprescindible para poñer en funcionamento as instalacións e chegou ao Concello de Melide o pasado 19 de decembro, aseguraron fontes da corporación municipal.

As medidas de seguridade como a elaboración dun plan de emerxencia ou a dotación do centro cunha alarma e extintores e maila contratación de persoal son outras das razóns alegadas polo Concello para xustificar esta demora.

A Policía Municipal reforza a súa frota de coches cun novo vehículo



O representante do Concello recibiu o coche na Estrada

A Policía Municipal de Melide reforzou a súa frota de coches coa incorporación dun novo vehículo que chegou a Consellaría da Presidencia.

O titular do departamento autonómico, Xosé Luis Méndez Romeu, fixo a entrega da nova

equipación no transcurso dun acto que tivo lugar no recinto da Academia Galega de Seguridade de A Estrada e no que ademais outros concellos de Galicia foron dotados doutros tantos coches para o seu servizo municipal.

O primer tenente da alcaldesa e concelleiro de seguridade, Manuel Prado, en representación do Concello, foi o encargado de recibir o vehículo municipal que conta cunhas das mellores prestacións do mercado automovilístico. Prado manifestou que se *seguirá cunha política de renovación da frota do parque móbil do concello de Melide, dado que está integrado por coches bastante antigos e que teñen un custe importante para o seu mantemento.* O Concelleiro tamén asegurou que esta mellora axudaría a súa vez a prestar un mellor servizo aos veciños.

Esta restauración xa escomenzou hai meses coa adquisición dun novo vehículo para o equipo da Protección Civil que tamén chegou a Consellaría da Presidencia.

MYH NOR
MORTEROS Y HORMIGONES

CENTRAL:
Fernando González nº 4 - 3º Dcha
15004 A CORUÑA
Tel: 981 173 616 Fax: 981 602 120



PLANTA LA CORUÑA
Ctra. La Coruña - Corballo, km. 3
15008 A CORUÑA
Tel: 981 294 297 Fax: 981 294 297

PLANTA MONTESALGUEIRO
Ctra. Nacional VI, km. 555
Aranga - A CORUÑA
Tel: 981 789 338 Fax: 981 789 338

PLANTA MELIDE
Pol. Industrial Madanela, par. 30
Melide - A CORUÑA
Tel: 981 507 891 Fax: 981 507 891

AUTOCONTROL DE CALIDAD CON SUPERVISIÓN EXTERNA

A Natureza amosou as dúas caras da moeda neste outono : a beleza e as derramas

O último trimestre do 2007 despidese cunha ola de frío e a escasez de choiva

*As paixases amen-
cian fermosas pola
blancura da xeadas
pero os productos da
terra derramábanse
polo frío*

**A cruz: o desastre en
plantacións de grelos
da cooperativa
Melisanto**

Dez plantacións experimentais de grelos da Cooperativa Melisanto derramáronse por mor da escasez da choiva e das xeadas.

As plantacións desta variedade de hortaliza xurdiron como un proxecto en colaboración coa Consellaría do rural. Mediante un acordo co departamento autonómico varios produtores da sociedade melidense prantaron diferentes tipos de grelos co obxectivo de averiguar cal se adaptaba mellor á terra do agro. Unha deca de hortas de 500 metros acollerá á iniciativa pero o dano que causou a sequía desembocou no desastre ao non chegar a xerminar moitas das hortalizas.



Melisanto veu como se estragábanse por mor da escasez de choiva e as xeadas

**A cara: O Furelos convertido
case nunha bela pista de xeo**

A beleza, por mor da ola de frío, atopouse en lugares como o Río Furelos que sucumbeu ao frío logo de sufrir temperaturas mínimas de - 9 °C e máximas de ata 3 aparecendo conxelado. A auga amosábase coberta por unha capa de xeo de 2,5 cm.

O frío xélido tamén se deixaba notar na pel das persoas, que pola curiosidade do evento, achegáronse a súa ribeira. A paixase do Furelos conxelado é algo que nin os máis vellos da parroquia lembraban ter visto endexá-
mais ao longo da súa vida.



A corrente de auga deixou de fluír pola conxelación

**Os alcaldes da
comarca ofrecen o
seu apoio
institucional á
Plataforma
da Autovía**

O rexedores dos concellos de Toques, Migel Buján, de Santiso, Ovidio Leyva e a de Melide, Socorro cea, fixeron público o seu apoio institucional ás reivindicacións da Plataforma na súa loita por acadar autovía A-54 pase pola vila de Melide. Este compromiso adquirido polos alcaldes co colectivo tivo lugar no transcurso dunha xuntanza que a Plataforma mantivo para informar aos veciños de cómo se atopaba a situación actual do trazado.

O voceiro da institución, David Barrio, manifestou que os tres rexedores actuais amosan *ter un mesmo discurso, linguaxe e contido para o pobo melidense.*

A Plataforma pechou esta reunión expresando aos cidadáns ali presentes *que dos tres concellos da comarca hai que facer un só porque temos que vivir na solidariedade para acadar que a Autovía transcorra por Melide.*

Comenzan as agardadas obras da construción da nova Ponte Mazaira sobre o río Furelos

A mediados de xaneiro escómanzan as obras para construír a nova ponte Mazaira que se convertirá nunha vía de fundamental de comunicación entre os concellos de Melide e o de Toques. Os empregados da empresa Tragsa xa colocaron nas inmediacións do río Furelos os correspondentes paneis informativos que sinalan o inicio da construción.

A actuación conta cun presuposto de 243.695 euros, achegados pola Consellaría do Rural, e ten un prazo de execución dun ano.

A infraestrutura estará dotada con vigas prefabricadas



Imaxe virtual da nova Ponte Mazaira

nos tres vanos de 9,1 m de luz e no taboleiro que contara cunha anchura de 6 metros. Esta nova ponte, cunha altura libre de 3 metros, disporá ademais de varandas de protección para maior segurida-

de. A actuación rematará co condicionamento dos accesos á infraestrutura e coa apertura de gabias e melloras no chán dos camiños. Coa realización desta obra cumprense un dos obxectivos

máis agardados e demandados pola Asociación de Troiteiros Río de Furelos logo de innumerables xestións ante distintos organismos públicos, Concellos, Deputación, e Xunta. Tanto o colectivo como os veciños do lugar levaban máis de trece anos reivindicando esta mellora que hoxe é unha realidade. O presidente da agrupación de troiteiros amosou a súa satisfacción polo inicio das obras e asegurou que *xa estamos a traballar para acadar novas actuacións noutras pontes e camiños para mellorar os seus accesos como é o caso da Ponte da Pedra.*

**A Xunta inclúe
a Melide como
zona de interese
agrario**

O Consello da Xunta celebrado a finais de decembro decidiu declarar como Zona de especial interese agrario á comarca de Melide xunto con outras quince de toda Galicia

A declaración produciuse obedecendo a criterios de produtividade agrícola e gandeira no totalidade da superficie galega. Entre os factores que a Xunta tivo en conta para tomar esta decisión figuran o número de explotacións e as características de potencialidade dos terreos nos que se ubican.



Numerosas actividades para celebrar o Nadal no Colexio Martagona

O centro escolar programou diversas actividades para celebrar o Nadal o último día antes de iniciar as vacacións. As panxoliñas de primaria, as obras de teatro dos alumnos de educación infantil e de primaria ou a representación dun telediarrio por parte dos escolares de terceiro e cuarto foron algunhas das actividades coas que os rapaces do colexio deron a benvida ás derradeiras festas do ano.



Comida de confraternidade dos alumnos do CEIP Nº1 para recibir as vacacións

O comedor do Colexio vello de Melide multiplicou por un día os seus comensais. Todos os alumnos, titulares ou non do servizo, gozaron dun xantar de confraternidade para recibir con máis folgos o seu período vacacional.



Os xogos dan o pistolazo de saída á tempada de lecer dos rapaces do instituto de Melide

O Instituto de Melide convirtiuse nun lugar de encontro onde os xogos protagonizaron a meirande parte das actividades. Os alumnos participaron nunha gran variedade de xogos dende os tradicionais, como os chanzos, ata os máis creativos como o axedrez *humano*. Neste último os rapaces mudaronse, por un día, en auténticas pezas que se desprazaron ao longo dun taboleiro pintado no chán.




O grupo *O Castelo* actuou como anfitrión dos Reis Magos en Melide

A agrupación musical *O Castelo* foi a encargada de recibir á cabalgata dos reis na súa visita a Melide. Os sons do grupo acompañaron as súas maxestades de Oriente, xunto cos seus nove paxes, no seu percorrido polas principais rúas da vila.

Na praza do Convento a súa música tampouco cesou, enchendo todo o aforo coas súas notas musicais de folclore galego mentres que os reis atendían aos nenos entregándolles agasallos e caramelos. A noite foi completa pola visita dos reis, a lusión dos nenos e a animación musical de *O Castelo*.

UN PUNTO DE ENCONTRO NA RUTA MÁIS VIVA DE EUROPA



Números agraciados no sorteo
O teu centro comercial
está en Melide 2007

Primeiro premio: 3.000 euros
34.356 Reserva: 01.994

Segundo premio: 1.500 euros
08.224 Reserva: 16.834

Terceiro premio: 1.000 euros
01.766 Reserva: 23.368

Cuarto premio: 4 de 300 euros
34.142 Reserva: 34.579
30.165 Reserva: 12.064
31.526 Reserva: 08.046
01.038 Reserva: 15.181

Quinto premio: 4 de 200 euros
13.820 Reserva: 01847
17.244 Reserva: 25602
02.956 Reserva: 01.769
19.371 Reserva: 07.117

Sexto premio: 12 de 100 euros
24.632 Reserva: 08.332
23.786 Reserva: 09.455
19.026 Reserva: 15.482
11.469 Reserva: 02.017
25.303 Reserva: 26.007
32.220 Reserva: 06.467
36.493 Reserva: 11.812
10.165 Reserva: 30.074
18.732 Reserva: 06.024
21.184 Reserva: 02.615
03.354 Reserva: 05.494
27.800 Reserva: 33.994

Campaña organizada por:
ASETEM-CCA

Os boletos premiados escolléronse dentre as 60.000 rifas repartidas

A Campaña de Nadal leva a fortuna a 23 melidenes

Os agraciados cos premios e os reservas deberán entregar os boletos antes do 8 de febreiro na sede de ASETEM-CCA

Xa hai números afortunados no sorteo da campaña de Nadal *O teu centro comercial está en Melide*. O pasado 9 de xaneiro celebrouse ante notario na sede de ASETEM-CCA o sorteo no que se extraeron os 23 números afortunados, e os seus respectivos números de reserva. En total 23 boletos que repartirán máis de 8.700 euros entre os clientes do comercio melidense tocados pola fortuna durante os días de Nadal.

Para facer efectivos os premios, os clientes afortunados cos números premiados e cos reservas deberán achegar o boleto á sede da Asociación de Empresarios Terra de Melide-CCA antes das 13 horas do vindeiro día 8 de febreiro, xa que os que se entreguen despois desa hora non terán validez. Posteriormente comunicárase aos agraciados a data de entrega dos cheques que poderán gastar nos establecementos adheridos á campaña.

Esta terceira edición da campaña salientou por ser a que máis premios repateu.



Dous nenos escolleron as rifas polo sistema demán inocente



Extraéronse tanto os números premiados como os reservas

Preto de medio centear de comercios participaron na Campaña de Nadal

A Campaña de Nadal *O teu centro comercial está en Melide*, estivo organizada pola Asociación de Empresarios terra de Melide -CCA por terceiro ano consecutivo.

Un total de 49 establecementos comerciais e de hostalería de Melide participaron na iniciativa repartindo entre os seus clientes 60.000 boletos para a campaña. Esta edición protagonizouse por ser a que máis premios otorgou, un total de 8.700 euros, en relación coas anteriores.

ASETEM-CCA celebrará en vindeiras datas un acto oficial no que os agraciados recibirán os premios de máns dos propietarios dos comercios nos que se lles entregou as rifas premiadas.

Os Comercios dos grandes premios

Premio de 3.000 euros

Xoieria Roval

Premio de 1.500 euros

Xoieria Roval

Premio de 1.000 euros

As Tres BBB

Os socios de ASETEM-CCA xa teñen na súa disposición os carteis da campaña

Os comercios melidenses inician as súas rebaixas de xaneiro

O calzado e a roupa coparán a maior parte das vendas destes días

Coma todos os anos, tralos excesos feitos polos consumidores durante a época de Nadal, comeza o período de rebaixas. Dende o 7 de xaneiro os comercios da Terra de Melide que así o queiran, iniciarán a campaña de rebaixas que se prolongará, como máximo, ata o mes de abril. Coas campañas de rebaixas os comerciantes tentarán vender os produtos de tempada aos que non lles deron saída ata o de agora, e que poñen á venda antes de comezar coa seguinte campaña.

Coma todos os anos, os sectores da confección e o calzado serán os principais beneficiarios das compras dos consumidores durante o período de rebaixas. Cada comercio establecerá os descontos que fai aos seus produtos, e que durante as primeiras semanas soen oscilar entre o 20 e o 50%. A medida que se reducen os produtos á venda, os comerciantes acostuman a incrementar o porcentaxe de desconto aplicado nos artigos, que poden chegar a supoñer o 60 ou o 70% do prezo do artigo.



Os carteis das rebaixas xa están expostos nos establecementos de ASETEM-CCA

Dereitos dos clientes

Coma en cada período de rebaixas, as organizacións de consumidores e usuarios, e a consellería de Innovación e Industria, lémbrale aos clientes que durante os períodos de rebaixas os artigos que adquiren deben de ter a mesma calidade que durante o resto do ano. Cada produto deberá ter exposto na etiqueta o prezo rebaxado, e o anterior. Ademais, as garantías que se ofrecen

nos produtos durante todo o ano, deberán manterse nos períodos de rebaixas. Por último, hai que gardar sempre o xustificante de compra posto que é a única garantía ante unha posible devolución.

Mercar seguro

Para loitar contra a chamada *compra compulsiva* recomendase fixar un presuposto do que realmente se precisa e ser conscientes de que, a cotío, hai pri-

meiras rebaixas, segundas, terceiras...

Outro consello que os organismos ofrecen aos consumidores é o de solicitar as follas de reclamación, no establecemento no que se merca, no suposto de observar algunha irregularidade.

As reclamacións poden presentarse na Organización de consumidores (OCU) ou nos servizos de consumo provinciais ou autonómicos.

ASETEM-CCA acolle un curso de nóminas

O curso Salarios, Nóminas e Seguridade Social, organizado pola Confederación de empresarios da Coruña, estáse a impartir na sede da Asociación de Empresarios Terra de Melide dende xaneiro.

O curso, que ten unha duración de 50 horas, rematará o vindeiro mes de febreiro e conta coa presenza de quince alumnos.

En breves datas ASETEM-CCA levará a cabo outro curso, esta vez sobre contabilidade básica

Presentaronse en ASETEM os Cd- Roms de comercio

A Federación Galega de Comercio presentou, a mediados de decembro, en ASETEM-CCA as súas dúas ferramentas formativas que ven de editar hai pouco tempo.

O cd-rom sobre *Marketing de venda* forma aos pequenos comerciantes no coñecemento de técnicas de marketing para que poidan aplicalas aos seus respectivos negocios. Por outra banda a ferramenta, *empresa familiar comercial, traspaso e venda* tenta ofrecer unha axuda sobre o presente é o futuro dos negocios familiares

Recibe o
Cerne
no teu fogar

Chama ao
981.506.188
e infórmate
sen
compromiso

HC
Hotel Carlos '96

RESTAURANTE
CAFÉ - BAR
BODAS / BANQUETES
COMIDAS DE EMPRESAS

Tfno.: 981 50 76 33
Fax: 981 81 53 12
Avda. de Lugo, 119
15800 MELIDE (A Coruña)
e-mail: hc96@wanadoo.es

A CONTRAPELO: PELUQUEROS
SOLICITACIÓN DE SERVICIOS

Horario:
de Martes a Venres:
Mañanas de 9 a 12
Tardes de 15.30 a 22
Sabados: 9 a 21

Telf. Reservas:
981 506 093
617 178 758

e-mail: a.contrapelo@telefonica.net
Melide
Rda. de Lugo, 2-1º

Campamento urbán de nadal para os máis pequenos da vila

Durante as vacacións os nenos de Melide, con idades entre 5 e 12 anos, poideron gozar das actividades ofertadas no Campamento de Nadal que durou dende o 24 de decembro ata o 4 de xaneiro.

O Concello de Melide organizou este programa de intervención socioeducativa para ofrecerlle aos máis cativos experiencias que lles permitiran divertirse e relacionarse cos nenos da súa xeración.

A Concelleira de Cultura, Conchi Castro, considerou oportuno realizar esta iniciativa no período vacacional para servir de apoio aos pais nestas datas e contribuír á socialización dos escolares.

Durante os días que se celebrou este campamento os



As actividades ofertadas foron moi variadas

nenos participaron en talleres manuais, xogos populares, bailes ou lecturas animadas baixo a dirección de tres monitoras.

A iniciativa clausurouse coa saída a rúa para cantar aos

reis. Os rapaces percorreron as rúas e distintos establecementos de Melide cantando as súas panxoliñas e recibindo o seu aguinaldo por parte dos propietarios dos locais e os viandantes.



As panxoliñas dos nenos animaron os locais



Percorrendo as rúas cos cantares

Carpa de xogos infantil no Cantón de San Roque



As alzas foi o xogo máis demandado polos nenos



Na carpa había xogos xigantes como o conectacatro

Os rapaces melidenses tiveron a oportunidade de pasar unha mañá de lecer antes de recibir aos reis polo serán grazas a Carpa de Xogos que o Concello instalou para eles no Cantón de San Roque.

Na instalación os nenos desfrutaron de actividades de ocio como os xogos de mesa xigantes da oca, o parchís ou o conectacatro, alzas infantís, encesto de disco, bolos e un taller de plástica.

O proxecto *Curtas do Nadal* trae o cine infantil ao Edificio Multiusos

A Consellaría de Cultura promoveu unha iniciativa para achegar a máis de cincuenta localidades, que carecen de sás de cine, algunhas das mellores curtametraxes infantís feitas polos novos cineastas galegos. O departamento autonómico tentou que este proxecto se convertira no principal evento de Galicia para o tempo de nadal.

Deste xeito, o Multiusos acolleu unha sesión de cine para os máis pequenos onde

poideron ver durante preto dunha hora unha sesión de cine que abrangaba cinco films.

O primeiro en proxectarse foi a curtametraxe de aventuras titulada *Carne de Canón* do director Darío Fernández, a continuación os máis cativos gozaron coas cintas de comedia *O muíño abandonado*, *O Castelo da Meiga* e *O Pesadelo de Florián*. O remate deste ciclo o puxo a curtametraxe de xénero fantástico, *A flor máis grande*

do mundo.

Nos pases realizados por toda Galicia estiveron presentes directores, actores ou técnicos dos films proxectados e que aproveitaron para exhibir as súas creacións e dar a coñecer o mundo audiovisual por dentro.

Nesta segunda edición de Curtas no Nadal organizada pola Consellaría de Cultura e Deporte participou tamén a productora Mr. Misto Films.

Publicitate no noso xornal

Se queres informarte da tarifas publicitarias do Cerne, chama ao

981.50.61.88.

Infórmate sen compromiso

A banda de Visantoña encheu de sons o 2007 para celebrar o seu aniversario

A axenda da agrupación estivo chea de actividades para conmemorar os seus 130 anos de traxectoria musical ininterrompida

O ano 2007 resultara sen dúbida inesquecible para a banda da Visantoña xa que o feito de cumprir 130 anos a convirte na máis antiga da provincia e unha das máis veteranas tamén no panorama musical de toda Galicia. Poucas bandas chegaron a tantos anos de existencia e a de Visantoña consciente deste privilexio acolleu o ano do seu aniversario programando numerosas actividades para festexalo.

A máis importante transcorreu no mes de agosto cando celebrou o seu aniversario oficial aproveitando que tiña lugar tamén a decimosesta festa do socio. Os actos de celebración escomenzaron na igrexa parroquial de San Xoán coa actuación do coro Campus Stellae e os alumnos da escola de música de Visantoña que, dirixidos por Luis Martínez e Joaquín Barreira, interpretaron temas de Mozarte, Monteverde o Vermell. A continuación realizouse unha ofrenda floral na tumba do seu fun-

dador, Ramón López Soto e xa pola noite a cita foi no Pazo de Vilar de Ferreiros onde a banda, dirixida pola batuta de Uxío Pazos, ofreceu un concerto para o deleite de tódolos alí reunidos. Este día tan especial para a banda rematou cunha cea oficial na que se presentou o libro escrito polo neto do fundador, José Nuñez López, e que baixo o título de *Banda-escola de Música Visantoña, 130 anos de traxectoria ininterrompida (1877-2007)* recolle a historia desta formación.

Outro dos actos realizados pola banda para conmemorar o seu aniversario aconteceu o día da festividade de Santa Cecilia no que tivo lugar unha pequena homenaxe a outra agrupación musical que tamén celebraba as súas voas de prata como é a Coral Polifónica de Melide. Nesta ocasión os sons que máis soaron foron as pezas do mestre Schubert acompañadas polas voces da coral melidense. Ao remate da xornada ambas corporacións



Actuación da banda durante a xornada na que celebrou o seu aniversario oficial

tiveron un xantar de confraternidade durante o cal a Banda de Visantoña nomeu socio de honra á coral polifónica.

En decembro os alumnos da Escola de Música de Visantoña, con idades entre os 3 e 12 anos, tamén se sumaron á celebración representando por distintas localidades a obra musicaldo nadal titulada *O escuadrón dos milaghres*.

Para pechar a súa axenda de conmemoración do seu 130 aniversario, a Asociación Cultural da banda de Visantoña ten previsto a gravación da música da longametraxe *O Pedrouzo- La Habana*, do director galego José Carlos, con música orixinal de Eugenio Pazos e Dirección musical de Uxío Pazos. Ambos son avó e neto é o primeiro delegou a batuta no seu descendente logo de estar dirixindo a banda durante 39 anos.



Os nenos da escola de música durante a súa obra do nadal

Traxectoria vital da banda de música de Visantoña

Corría o ano 1877 cando nun soleado mes de agosto os donos da casa do Pazo Vilar de Ferreiros, Tomás Pardo e Jesusa Pimentel, daban a orden ao seu caseiro, Ramón López Soto, de fundar unha formación musical.

Así naceu a Banda de Visantoña que contaba daquelas soamente con catro músicos e que co tempo foi ampliando a súa plantilla. Axiña se convertiu nun referente musical no concello de Santiso polo bo facer dos seus integrantes e cos anos a súa música xa era solicitada para amenizar actos fora do seu municipio natal.

Ao longo destes 130 anos recolleitou moitos éxitos pero tamén sufriu algún que outro avatar, todos superables. O golpe máis duro foi cando estivo a piques de

desaparecer por mor de que o seu director daquela, Eugenio Pazos, e logo destar 39 anos fronte á agrupación, non se atopaba ben de saúde pero grazas ao tesón do descendente do fundador, José Nuñez López, e coa colaboración dalguns veciños acadaron remontar a situación coa creación en 1990 da Asociación Cultural-Banda Escola de Música Visantoña.

Na actualidade a banda está dirixida por Uxío Pazos Pintor, neto do anterior director, e consta de 35 membros de idades moi variadas que van dende o máis veterán de 65 anos ata a máis xoven de 10. A asociación, con máis de 300 socios, está presidida por Susana Varela e ademais da banda ten un coro e unha escola de música.



A agrupación musical coa coral de Melide o día na que a nomeu o seu socio de honra

Santiago Prado presenta aos melidenses o seu libro gañador do premio Vicente Risco

O Concello organizou dous actos para dar a coñecer ao pobo a obra merecedora deste prestixioso galardón

Dende que en febreiro se dera a coñecer o fallo do xurado do Premio Vicente Risco de Ciencias Sociais 2007 e no que resultou como gañadora a obra *Novas minorías nas institucións educativas* do antropólogo Santiago Prado Conde, a este melidense non deixaron de choverlle eloxios pola gan traballo de investigación recollido no seu libro.

Logo do acto de presentación oficial que tivo lugar en Santiago de Compostela o pasado mes de outubro, o Concello de Melide quixo tamén dar a coñecer aos veciños este importante galardón que recaía por primeira vez no municipio. Así en decembro organizou dous actos un dirixido ao alumnado do Instituto, obxecto de estudo do traballo e outro na Casa Consistorial para os cidadáns de Melide.

O alumnado do Instituto poido coñecer de preto *Novas minoría nas institucións educativas*, un traballo de investigación baseado no seu centro educativo

Os alumnos do Instituto de Melide poideron coñecer pola verbas do propio autor a obra noutro acto que o Concello organizou para eles e que se celebrou no edificio do Multiusos da vila.

A presentación contou ademais coa presenza da directora do IES, Margarita Quintela, a concelleira do Rural, Ana Isabel Ramos Rúa, e outros profesores do centro. Margarita Quintela lembrou aos mozos que este libro estaba escrito por unha persoa que foi alumno como vós e neste senso está máis preto de coñeceros. Pola súa banda o profesor, Xulio



O Salón de Plenos do Concello acolleu a presentación da obra de Santiago Prado

Acto no Concello

O Salón de Plenos acolleu a presentación oficial do traballo premiado, enchéndose o aforo da instancia coa multitude de veciños que se cercaron para amosar o seu interese pola obra de Santiago Prado.

No evento o autor estivo acompañado pola alcaldesa de Melide, Socorro Cea, un dos membros da Fundación Vicente Risco, Luís Risco, así como de representantes da corporación local e da oposición.

A inauguración do acto correu a cargo da rexedora melidense que centrou a súa intervención facendo unha lembranza ao libro editado nos anos trinta polo Seminario de Estudos Galegos, de nome *Terra de Melide*, e que precisamente conta cun capítulo de cen páxinas escrito polo propio Vicente Risco que versa sobre a etnografía da vila. Esta casualidade fixo que a alcaldesa asegurara estar presentando a obra dun mozo melidense gañadora dun premio que leva por nome o de outro que, cando

era tamén xóven, tanto estudou *Melide*. Tamén aproveitou para amosar o seu agradecemento ao autor por dedicar o seu tempo a estudar e a investigar sobre *Melide* pois, sen dúbida, servirá para coñecelo mellor e querelo máis declarou Cea.

Pola súa banda, Santiago Prado resumiu a súa traxectoria profesional ata rematar elaboración do seu traballou. Un período no que lembrou o longo proceso de estudo e de investigación fóra de Galiza, unha etapa cargada de soidade e de dificultades económicas so superables grazas ao apoio da familia.

Paso a paso: cómo se xestou a obra

O libro premiado *Novas minorías nas institucións educativas*, publicado pola editorial Sotelo Blanco, é o resultado da tese de doutoramento de Prado que recibiu a máxima calificación académica e que levaba o título orixinario de *Poboacións non pertinentes nas institucións educativas, o alumnado con procedencia rural na terra de Melide*.

O antropólogo recoñeceu no acto de presentación no Concello que lle interesaba facer este traballo na súa terra porque *ía vendo como os meus amigos da EXB abandonaban o sistema educativo e quería saber o porqué*.

E para averigualo escomenzou a súa investigación no IES de Melide no ano 2000 con entrevistas aos profesores e o seguimento a 70 alumnos do centro e contorno familiar.

O froito de catro anos de esforzo indagando no porqué do fracaso escolar na minoría rural culminaron con este merecido recoñecemento social á investigación da súa obra.

Curriculum vitae dun gañador



Santiago Prado Conde, máis coñecido como Chago, naceu en Melide no ano 1976 e formouse como mestre en Santiago de Compostela. Posteriormente licenciouse en antropoloxía na Universidade do País Vasco e acadou o doutoramento nesta especialidade na Universitat Autònoma de Barcelona. Colabora como investigador do museo etnolóxico da Xunta con sede en Ribadavia e coa universidade portuguesa de Trás-os Montes e Alto dourado.

Este doutor en Antropoloxía é especialista en temas educativos, patrimonio e desenvolvemento, con especial incidencia nas relacións entre medio rural, reforma educativa e políticas públicas, e o seu impacto na promoción ou freo da persistente migración dos mozos de orixe rural ás zonas urbanas. Este ano conquistou coa súa tese doctoral o XII premio Vicente Risco de Ciencias Sociais.



Prado explicou a súa investigación aos alumnos

Pérez, a súa vez director do centro cando Prado estaba elaborando o seu traballo, recomendou a lectura desta obra porque *axuda a entender o funcionamento da docencia, o fracaso escolar e o por-*

qué estamos atrás no vagón do ensino da educación. Pola súa banda a concelleira do rural, Ana Ramos, salientou a importancia deste libro ao preocuparse pola minoría escolar do eido do agro.

Melide foi un dos cincuenta municipios de Galicia que contou con este 2º Circuito galego de maxia

O Nadal máxico chega o ilusionismo e a fantasía aos veciños da vila durante as festas

O Concello participou por primeira vez na iniciativa para ofrecer máis variedade cultural

O Circuito galego da Maxia percorreu na súa segunda edición 50 municipios, entre eles Melide, coa finalidade de facer chegar o mundo da maxia a toda Galicia.

A Consellaría de Cultura e o IGAEM colaboraron coa Asociación de Magos Profesionais na organización do programa chamado *Nadal Máxico 2007* para a posta en escea de diferentes actuacións por toda a xeografía galega co obxectivo de promover e dar a coñecer esta arte.

Acto de presentación

A Casa do Concello acolleu a presentación da iniciativa que contou coa presenza da Delegada Provincial de Cultura, Milagros Lantes, a alcaldesa de Melide, Socorro Cea e catro dos magos que participarían no espectáculo programado para os melidenses.



A alcaldesa e maila delegada de cultura observan detidamente o truco dun dos magos

No acto a delegada de Cultura declarou a aposta definitiva que o seu departamento está a facer para seguir organizando durante moito tempo este circuito e afirmou que era moi interesante promover este xénero escénico porque *adaptase a calquera tipo de público, concello ou escaenario e é moi importante que as artes escénicas teñan acollida dende a difusión cultural*. Pola súa banda, a rexedora melidense quixo facer un chamamento coa finalidade

de que para outros anos *haia máis concellos que apoiem este espectáculo da Asociación Galega de Magos e así dar a coñecer a súa arte por todos os recunchos do país*. Os magos que asistiron ao acto agradeceron as súas verbas e non quixeron deixar de rematar a presentación sen facer algúns trucos de maxia para o deleite das persoas alí reunidas.

Actuación

O Festival celebrouse no

Pavillón do IES onde se deron cita tanto nenos como adultos para poder ver en directo o espectáculo de maxia que durou hora e media.

Os cinco magos participantes: Cali, Norberto, Luís García, Richard e Pablo fixeron gala das técnicas que abranguen as súas exhibicións como a maxia de preto, mentalismo ou escapismo. Actuacións que foron moi ben acollidas polo público melidense e que cumpriu as expectativas do Concello na súa intención de ofertar máis variedade cultural para os veciños.



Os nenos desfrutaron da maxia no pavillón do IES

O coro infantil *Ledicia* presenta o seu novo disco en Melide

O pavillón do Instituto foi o escaenario onde o coro infantil *Ledicia* presentou as cancións que compoñen o seu segundo traballo saído recentemente ao mercado discográfico e que leva por título *Estiñada*.

Durante preto dunha hora este grupo, pioneiro dentro da música infantil, actuou interpretando os vinte e un temas do seu novo álbum entre os que se atopan cancións tan coñecidas como *Lela* ou *Palabras para Xulia*.

O público presente poido gozar dos sons de *Ledicia* que esta integrado por sete instru-

mentistas (percusión, baixo, violíns, viola, gamba, guitarras, frautas, acordeón e teclados), dez nenos facendo os coros e catro voces principais. Entre estas últimas salientaba a fermosa voz da súa cantante principal, Xiana Lastra, e que sorprendeu os asistentes provocando o arranque de fortes aplausos. O coro *Ledicia*, orixinario de Carranza (Ferrol), naceu no ano 1983 con motivo do festival de música infantil *Cantareliña* e dende entón esta formación escolar ven funcionando de xeito ininterrompido, tratándose do

único estable no panorama musical galego que interpreta cantigas propias na nosa lingua.

Ao longo dos case vinte e cinco anos da súa vida, o coro *Ledicia* ten realizadas centenas de actuacións por toda a comunidade galega, especialmente na comarca de Ferrol, ademais de haber actuado en Xixón, Madrid, Rotterdam e Bruxelas.

A presentación do seu novo disco no IES de Melide tivo lugar co gallo do acto de entrega dos premios do Concurso de Postais 2007 organizado polo Concello.



O coro infantil nun intre da actuación

O encontro supuxo o remate do *Obradoiro da Palabra* organizado pola Consellaría de Cultura

Melide acolle a gran Festa da Palabra

Máis de 150 alumnos de once centros escolares ubicados ao longo do Camiño Francés asistiron a esta celebración adicada á tradición oral

O edificio do Multiusos de Melide foi o lugar elixido para rematar o programa *Obradoiro da Palabra* desenrolado pola Consellaría de Cultura coa finalidade de promover entre os máis xóvenes o patrimonio inmaterial do Camiño como é o da tradición oral.

Os protagonistas da festa foron os escolares dos once municipios vencellados á ruta xacobea que participaron nesta iniciativa da Xunta. Deste xeito, o Salón do Multiusos acolleu a rapaces e rapazas dos centros de educación de Triacastela, Samos, Portomarín, Paradel, Monterroso, Palas de Rei, Sarria, Pedrafita, Melide, Arzúa e o Pino.

Presentados pola actriz, Isabel Rico, os mozos foron representando sobre o escenario un conto, historia ou lenda recollidos da

tradición oral da súa zona. O acto tamén contou coa intervención de contacontos profesionais que amenizaron coas súas actuacións a velada.

Nesta cita final do *Obradoiro da palabra* estiveron presentes o director xeral de Patrimonio, Felipe Arias, a subdirectora xeral do Camiño, Teresa Nieto, e a alcaldesa de Melide, Socorro Cea. Ao peche do evento as autoridades agradeceron o traballo dos xóvenes e valoraron esta celebración como un feito moi fermoso para manter a riqueza cultural e patrimonial da nosa terra a través da transmisión oral.

Este encontro en Melide supuxo o punto final desta actividade organizada por Cultura e que escomezou a principios de decembro cando os contadores de his-



Arias, acompañado pola subdirectora xeral e a alcaldesa de Melide, clausurou o encontro

torias desprazáronse a cadaún dos centros participantes. Alí os profesionais explicáronlle aos alumnos en que consistía a tradición oral e que metodoloxía tiñan que empregar na súa recollida. Logo os escolares foron recopilando as lendas, contos e tradicións enxebres do seu municipio que expuxeron nos seus respectivos lugares de ensino, escollendo cada centro a historia e o alumnado para poder participar nesta gran Festa da Palabra que se celebrou o 29 de decembro na nosa vila.



Os contacontos profesionais amenizaron esta festa

O tradicional concerto de panxoliñas da coral pon o broche final ao ano de celebración do seu XXV aniversario

A Coral Pólifónica de Melide ofreceu o seu tradicional concerto de panxoliñas na Igrexa Parroquial, onde estaban presentes un grande número de persoas que acudiron a escoitar as pezas populares do nadal. Con este acto a entidade musical pecha un ano cheo de actividades e homenaxes por mor dos vintecinco anos de existencia que cumpreu no ano 2007.

A Coral naceu no ano 1982 baixo a maxistral batuta do seu director, D. Andrés Sampaio Sixto, a quen o Concello adicara unha rúa co seu nome recoñecendo así o

seu grande traballo a prol da música melidá.

Actividades como a exposición de fotos, programas ou carteis que albergou a Igrexa de San Antón, a xuntanza para cantar no San Roque de tódolos membros que formaron parte da agrupación dende a súa creación ou a homenaxe que lles adicou a Banda de Visantofia no mes de novembro foron algúns dos actos dos que a pólifónica foi protagonista ao longo do ano de celebración das súas voas de prata. Pero á Coral aínda lle quedan máis recoñecementos como o libro sobor a súa vida que en breves datas edita-



rá a Deputación da Coruña. Tampouco hai que esquecer que no ano 2006 o Concello otorgoulle a súa medalla de ouro, así que algo debe ter está agrupación musical para ser merecedora de tantos tributos e ese algo é o de ser un dos referentes máis punteiros

cos que conta o historia musical de Melide.

Novos traxes

No concerto de Panxoliñas as mulleres que integran a Coral estrearon novos traxes. Esta era unha das demandas que a directiva levaba facendo ao

Concello dende había tempo xa que tiñan as mesmas saias que cando se fundou hai 25 anos.

O goberno municipal comprometeráse no mes de agosto a dotalos de novo vestiario, promesa que se fixo realidade nesta actuación do nadal.

A Orquestra Sinfónica consegue sorprenden de novo co seu repertorio aos melidenses no seu concerto de Nadal

O público, que encheu de pleo o aforo da igrexa parroquial para ver o xa tradicional concerto de Nadal da Orquestra Sinfónica de Melide, rindiuse un ano máis ante o magnífico repertorio musical ofrecido pola agrupación.

Durante máis de hora e media a orquestra, dirixida pola maxistral batuta de Fernando Vázquez Arias, interpretou as obras elixidas para esta cita xa tradicional do nadal como Brahms, Rossini, Borondín e Rimsky-Korsakof.

Na primeira parte do concerto os melidenses poideron escoitar os sons da *Obertura académica* de Brahms e *A Cenenterola* (Obertura) e *A Giza Landra* de Rossini.

Danzas Polovstian (da ópera *Príncipe Igor*), de Borondín, e o *Capricho Español*, de Rimsky-Korsakoff, con Rosa Vázquez Arias como solista, puxeron o broche de ouro á actuación.

O remate do concerto tivo que prolongarse ante a insistencia dos asistentes que rachaban a aplaudir logo de cada interpretación.



A orquestra, dirixida por Arias, deleitou cos sons do seu repertorio a tódolos asistentes



O aforo da Igrexa encheuse para ver o concerto do Nadal

A Sinfónica de Melide ten un lugar destacado no panorama musical galego, que se amosa cos numerosos premios que

recolleitou por parte da crítica profesional ao longo dos seus quince anos de vida.

Non é van é unha das tres en

activo en toda a nosa comunidade autónoma xunto coas de Galicia e a de Santiago. O contrapunto que a diferencia destas últimas é que a Sinfónica melidense está integrada non so por profesionais senón tamén por alumnos do Conservatorio municipal de música.

O ano 2008 empezará para a agrupación cunha serie de concertos que realizará nas cidades de A Coruña, Ferrol e Santiago. A xira forma parte da última creación da orquestra, *Gallaecia*, que é unha obra con música tradicional galega.

O Concello convoca un certame de debuxo escolar en prol do medio ambiente

O Concello de Melide convocou por primeira vez o *Premio interescolar de debuxo* concibido para promover o respecto cara ao medio ambiente entre os escolares do municipio.

No certame participaron máis de 80 alumnos, dentre 6 e 13 anos, dos colexios nº1 e o *Mestre Pastor Barral* que presentaron os seus traballos de debuxo e redacción sobor a natureza. A calidade amosada polos rapaces nas súas obras puxo difícil ao xurado á elección dos premiados.

O concelleiro de Educación, Manuel Prado, e maila de Cultura, Conchi Castro, entregaron os premios nun acto no que todos os nenos participantes poideron gozar dunha viaxe en globo que foi cedido para a ocasión por Rodrigo Fernández de seguros Bilbao.

Os gañadores foron Lucía Vázquez no tramo de 5 a 6 anos, Alba Carmuega no de 7 a 9 e Dani Blanco máis Manuel Penin na categoría de 10 a 13 anos. En total tres alumnos do *Barral* e un do CEIP nº1.

O concello achega o Nadal ao eido rural con numerosas actividades



Actuación dos monicreques no local social da Garea

O Concello de Melide desenrolou, por primeira vez na súa programación cultural do Nadal, actividades dirixidas aos máis cativos das parroquias do municipio.

Os nenos de San Salvador Gondollín Maceda, Orois, Santalla e Campos poideron

desfrutar nos seus locais sociais coa representación da obra de monicreques *Pedro e O lobo* da compañía *Titeres Tres Globos*, dirixida por Xan Pérez.

Para que ningún neno poideira quedar sen gozar desta actividade o Concello puxo

nas seis parroquias un servizo de autobus gratuíto para o seu desprazamento ata os locais sociais.

O éxito acadado nesta iniciativa foi tan optimista que os departamentos do Rural e o de Cultura xa están a traballar en novas actividades para o rural. As titulares de sendas concellerías, Anabel Ramos e Conchi Castro, amosaron a súa satisfacción por levar ata as parroquias este tipo de iniciativas e programan facer melloras nos locais sociais, que se atopan en mal estado por mor de estar pechados e sen uso a maior parte do ano, para un maior desfrute das actividades.



Entrega dos premios do Concurso Postais do Nadal 2007

O Departamento de Cultura convocou o concurso de postais do Nadal dirixido ao alumnado dos centros ecolares da vila. Esta iniciativa promoveuse coa finalidade de desenrolar a expresión creadora e artística dos rapaces a través do debuxo con temática do Nadal.

Os premiados deronse a coñecer logo da actuación do coro *Ledicia* no IES. Na categoría de 3 a 6 anos os gañadores foron Sofía Pumar e Brais Mosteiro, na de 7 a 10, Adrián Mourazos, José Amboage e Paula Vázquez mentres que na de 11 a 16 os premiados resultaron ser Adrián Carril e Fátima Amboage.

O Instituto de Melide acolleu un mercadillo do Comercio Xusto

Este foi o quinto ano que se celebraba e contou coa implicación do alumnado que se encargou da organización e da venda dos produtos

O IES albergou por quinto ano consecutivo o seu mercadillo de comercio xusto que permaneceu aberto no horario de recreo dende o 10 de decembro ata o día 22.

O centro educativo sempre na aposta de axudar o seus alumnos a concienciarse ou solidarizarse con diversas causas promoveu esta iniciativa, auspiciada polo Departamento de Filosofía, e que contou coa implicación do alumnado que se encargou de orgnizar e vender os produtos expostos neste mercadillo.

Tanto os escolares como os docentes convertíronse por uns días en asiduos clientes desta tenda de comercio xusto onde poideron mercar produtos alimentarios, bisutería artesá ou xogos feitos con tea de liño como o parchís ou as damas.

Esta iniciativa tivo tanto éxito que o consumismo

desbordou as previsións tendo que realizar nun corto período de tempo dous pedidos para repoñer algú dos enseres.

Os produtos, cedidos pola organización Solidaridade Internacional de Galicia, estaban dotados no seu envoltorio coas etiquetas explicativas do seu proceso de elaboración.



Cartel exposto no centro



Os produtos ecolóxicos foron moi demandados

En Prol da emigración

Por outra banda, o IES tamén contou cunha exposición de murais nos seus corredores que elaboraron os alumnos de 4º da ESO e cuxa temática era o mundo da emigración. Os traballos amosaban como as multinacionais están a

explotar os seus traballadores en diferentes países do mundo.

A idea para facer esta mostra sacouse do bet seller *Libro negro das marcas*, obra cuxa lectura recomendou aos seus púlpilos a profesora de filosofía, María Dolores Vázquez

Cinco razóns para mercar produtos do comercio xusto

Consumir no comercio xusto implica contribuír a:

- Salarios dignos para os traballadores do sur para poder levar unha vida digna
- Non á explotación infantil para poder protexer os dereitos fundamentais das persoas
- Respecto pola natureza para poder obter artigos de calidade respectuosos co medio ambiente
- Relacións comerciais que permitan a seguridade laboral
- Investimento dos beneficios para facer obras sociais

O Concello de Melide participa na Campaña de Esquí da Deputación

O Concello participa na Campaña de Esquí que a Deputación da Coruña programou para o 2008 e que vai dirixida a rapaces con idades comprendidas entre os 10 e 13 anos.

Os nenos melidenses, que se apunten nesta iniciativa, poderán realizar ao longo dunha semana actividades deste deporte na Estación Invernal de Sierra Nevada, aloxándose durante este tempo nun hotel de tres estrelas de Granada. Como actividades complementarias os participantes visitarán a Alhambra de Granada e o parque das ciencias da mesma localidade andaluza.

A duración da viaxe será dende o 26 de xaneiro ata o 2 de febreiro. A inscrición pode realizarse no Concello ata o 15 de xaneiro, aboando unha cota de 95 euros. A adxudicación de prazas será polo sistema de sorteo público ante a Secretaría do Concello.

A aula do ciclo de madeira dotáse cun novo sistema de aspiración para maior seguridade dos alumnos

O curso académico do ciclo de formación profesional do IES comezou con demora por mor das obras de instalación do novo sistema de aspiración na aula que tardaron un pouco máis do que se agardaba.

Hai dous meses que xa esta a traballar este novo dispositivo e para comprobar o seu bo funcionamento trasladáronse ata o IES dos técnicos da xunta.

Acompañados polo profesor, Xabier Iglesias Varela, os responsables vistaron toda a instalación incluído o enreixado exterior que protexe o tubo de aspiración coa finalidade de evi-



O profesor de madeira e os dous técnicos observan o enreixado tar que os rapaces do centro poidan sufrir algunha lesión.

Esta mellora, hoxe rematada, é unha vella reivindicación que viñan facendo hai tempo o xefe do departamento, Pepe Fernández Jimenez, e o resto do colecti-

vo docente de madeira para que se mudase o sistema antigo xa que este non aspiraba ben o pó e facía moito ruído.

A nova instalación facilitará un mellor traballo aos alumnos e incidirá dun xeito máis favorable na súa saúde.

A Unidade de Acción Formativa de Melide oferta os seus cursos para o ano 2008

A Unidade de Acción Formativa de Melide (UAF) xa presentou a súa programación de cursos para este ano.

Así para o mes de febreiro ten previsto iniciar distintos tipos de cursiño. Na xornada de mañá impartirá os de cociñeiro (1.064 horas), e o de Axuda a domicilio (464). Pola tarde terán lugar os de camareiro (839) e o de auxiliar de xeratría (604).

Para o mes de xuño realizará o de azafata de congresos, cunha duración de 349 horas, e en horario de

tarde.

Finalmente para outubro a UAF oferta os cursos de atención a alzheimer, dependiente de comercio e o de celador, todos eles constan de 269 horas.

Os requisitos para poder acceder a estos cursos, organizados pola Xunta e baremables, son o de ter cumpridos 16 anos de idade, ser demandante de emprego e solicitalo na oficina de emprego de Melide cun prazo dende o dous de xaneiro ata o comezo do curso que cada persoa desexe realizar.

Melide rende tributo ao campión Xesús Ferreiro gañador de España na modalidade de rallys de vehículos históricos

O piloto melidense quixo compartir o seu título cos centos de veciños e admiradores que asisitiron ao acto para homenaxear o seu campión

A praza do Convento converteuse nunha festa onde centos de veciños e autoridades do Concello, e a pesar do intenso frío do día, se deron cita para recibir entre aplausos e vitores ao recén gañador do Rally de Vehículos Históricos de España 2007, Xesús Ferreiro.

Tampouco podía fallar nun acto tan emotivo a presenza doutro dos protagonistas que levou a Ferreiro a acadar este campionato nacional, o seu coche Ford Escort KMII e sobre cuio teito asomaban os distintos triunfos que o melidense leva recolleitando ao longo da súa carreira deportiva.

Nun escenario habilitado para a ocasión, fronte a fachada da Casa do Concello, foron recibidos un a un todas as persoas que fixeron posible que hoxe Melide conte con este título de España. Así pola pasarela desfilaron Xesús Ferreiro, o seu copiloto, Roberto Lorenzo, os integrantes do equipo

Melide Motor Sport xunto con outras persoas que acadaron facer dun simple proxecto todo un sono que hoxe converteuse nunha realidade.

Ferreiro destacou na súa intervención que o Ford Scott que pilota gusta moito a afección pola súa grande capacidade de derrapaxe. Respecto a pregunta que lle se realizou de se estaba canso do seu actual coche o campión non dubidou en negalo aínda que recoñeceu que *a todo piloto gústalle cambiar cada certo tempo de vehículo para probar outra máquina, ver outras carrocerías, outras mecánicas.*

Agradecementos

Este triunfo foi posible grazas ao patrocinio da Deputación de A Coruña, Turgalicia e o propio Concello de Melide. Deste xeito representantes dos patrocinadores sumaronse ao acto subindo ao escenario onde houbo intercambio



O equipo de Motor Melidesport de Ferreiro tamén foi homenaxeado durante o acto

de agasallos ademais de adicarse-lle verbas de agradecemento a Ferreiro e o seu equipo, sobre todo pola banda da alcaldesa de Melide, Socorro Cea, quen se amosaba orgullosa da boa participación e do espectáculo proporcionado pola xeografía nacional por parte dos protagonistas do evento.

Cea sinalou que este acto, organizado polo Concello, tiña como obxectivo fundamental que a partir de *agora non haia un so*


melidense que non coñeza que temos un campión de España, Xesús Ferreiro, e que saiban da súa extraordinaria traxectoria no mundo do rally. Tamén fixo referencia o seu equipo manifestando que *detrás dun gañador hai sempre un equipo, neste caso nove persoas, sen cuio traballo non sería posible ter un campión.*

Pola súa banda Ferreiro agradeceu a todos esta cálida homenaxe e lembrou que este é un deporte que necesita de patrocinadores e

que agardaba contar co apoio de moitos máis para revalidar o seu título o vindeiro ano.

Ao rematar o evento aproveitouse para desvelar o que posiblemente sexa o novo vehículo co que compita Ferreiro, un Porsche 911 SC que por unha tempada substituirá ao victorioso Ford Escort KMII.

Seguro que para o ano que ven volta a acadar o título porque Ferreiro leva nas súas veas a sangue dun triunfador. Parabens CAMPIÓN.



Os premios acadados polo piloto no Ford que tantos éxitos deportivos lle deu ao melidense



A alcaldesa agasallou cun detalle a Ferreiro e a Lorenzo

Persoaxes curiosos e célebres, de paso e na *Terra de Melide*

XOSÉ DOMINGOS FUCIÑOS

O noso esgrevío *Castelao* adicou moitas viñetas humorísticas aos esmoleiros, o pé dunha dun cego, con violín, dos anos vinte decía:

*¡ Ai, quién poidera cantar!
¡ Ai, quién poidera ceibar
as mágoas do corazón !
¡ Ai, quién poidera decir
que non se pode vivir
sin ter santa indignación...*

Iste traballíño é unha lembranza, respectuosa, de persoas que viñan a Melide, unhas a pedirén, outras non, que por mor das circunstancias da vida andiveron dun lado pra outro, pola *Nosa Terra*, e algúns sómentés pola *Terra de Melide* e arredores.

Cadaún deles tiña a súa intrahistoria persoal, a súa sabiduría e o seu xeito de interpreta-la vida e o seu mundo. Algúns coas secuelas da guerra incivil e da dura posguerra, e a maior parte por problemas sicosociolóxicos.

A maior parte deles humildes, honrados e cadaún coas súas características propias eran respectados pola cidadanía melidá, coa axuda que lles prestaban, xa que daquela eran os *Servizos Sociais* que había: comida; roupa; reás ou pesetas. Eles foron parte da vida de Melide, nos anos coarenta, cincuenta e



Abelardo de Berredo

sesenta..

RICARDO DAS GARABATAS, que era dun pobo de Ourense, e que quedou desvariado na guerra incivil, estando nunha Bateria de Artillería. Sempre coa súa oración: *A dioloquía, a dioloquía...* e así horas e horas, na vella Serra de Pita.

ANTÓN DE PAMBRE, tranquilo de poucas verbas, que acostumaba a bañarse espido polas mañás cedo, aínda que houbera xeadas.

MANOEL EXPÓSITO LAGOA, do Hospital das Seixas (Palas de Rei), típico, que cando se metían con él, decía: ¡ se te pillo en Palas vouche derreter a manteiga nun garabullo!!

FÉLIX, o dos aneles e pipa, taxista local dos viaxantes de comercio e dos cohes de liña *Pereira e Freire* amais dos cohes

das feiras, *Alonso, Puntero, Unión Mellidense*, etc.

ABELARDO DE BERREDO, o das verrugas, computadora humán antes que Bill Gates, xa que calculaba as idades das persoas en días, minutos e segundos non sabendo ler...nen escribir. Decíanlle: ¡ Abelardo queres caldo, non señora que me escaldo!!, ¡ Abelardo, queres viño, non señora que me espiño!!

O *VELLO CONDE* de Furelos gran feitor de tellas; *CACHIMBA*, intelectual da emigración americana, *VARELA*, de Folladela, con chispa galega; *PARRADIÑO* de Beigondo, espilido; *ENRIQUE DOS ÁNXELES*, un fino bombeiro de *Os Garceiras*, e moitos máis.

Pra todos eles, o meu respecto e lembranza, xa que, tamén foron, anacos da nosa vila de Melide, hospitalaria e xenerosa.

Camiñando cos tempos



Bélen aéreo- marítimo - terrestre (creador Míngos)

Os tempos avanzan e hoxe os reis xa non chegan en camelos senón polo mar cos seus barcos, polo ar no avión ou pola terra no seu cohe

Foto irmáns Fuciños-Gómez (Casa de Pita)

Lembranzas da nosa terriña



Lavadeiras no Furelos nos anos 20

Arquivo dos irmáns Fuciños-Gómez
(Casa de Pita)

O nadal no CEIP Mestre Pastor Barral

As actividades realizadas durante o mes de Nadal no colexio pretenden contribuír a conservación de tradicións, costumes e saberes

Luísa Martínez

O colexio *Mestre Pastor Barral* levou a cabo durante o mes de decembro unha recoleita de Cantos de Reis entre os seus avós, parentes e veciños para posteriormente publicalos e dalos a coñecer a toda a comunidade educativa.

O obxectivo desta iniciativa é potenciar a conservación do patrimonio cultural e facilitar a relación do alumnado cos seus maiores para que poidan empaparse do universo cultural que atesouran e así contribuír á con-

servación de tradicións, costumes e saberes. A idea foi ben acollida entre os rapaces e rapazas do centro que descoñecían esta costume tradicional da Terra de Melide e de Galicia en xeral.

Era práctica habitual que o 5 de xaneiro, véspera de Reis, saísen grupos de gaiteiros e mozos a *cantar os reis* polas portas das casas das vilas e aldeas e así pasaban toda a tarde e parte da noite. A xente dáballes cartos, chourizos, ovos e outras cousas que é o que se chamaba o

aguinaldo de reis. O día de Reis xuntábanse os que foran a cantar e facían unha merenda chamada *murada* na que se repartía o aguinaldo recoleito.

Este ano os nenos e nenas de 6º e Educación Primaria

seguindo esta costume, tamén *cantaron os reis*. Deste xeito percorreron todas as aulas do centro, repartindo sorrisos e ledicia entre os seus compañeiros e mantendo viva unha das tradicións máis arraigadas da nosa Terra.



Recuncho para a reflexión

O Pan de Cristo

Daniel Roibás

Este é o recanto para deterse a ver a vida a través de contos que convidan a contemplar a alma da nosa existencia

Esta é o conmovedor relato dun home chamado Víctor:

Ao cabo de meses de atoparse sen traballo, viuse obrigado a recurrir á mendicidade para sobrevivir; cousa que reixetaba profundamente. Unha fría tarde de inverno atopábase nas inmediacións dun clube privado, cando observou a un home e a súa muller que entraban no mesmo.

Víctor pediulle ao home unhas moedas para poder mercarse algo de xantar:

- O sinto, amigo, pero non teño nada de cambio; respostou éste. A muller, que escoitou a conversa, preguntou: ¿Qué quería ese pobre home?.

- Cartos par xantar, dixo que tiña fame

- Lorenzo, non podemos entrar a comer unh comida suntuosa que non necesitamos e deixar a un pobre home famento aquí fóra.

-j Hoxe en día non hai mendi-

go en cada recuncho!seguro que quere os cartos para beber. Aínda que Víctor estaba de costas a eles, oeu todo o que dixeron.Avergoñado quería alonxarse correndo de alí, pero nese intre oeu a amable voz da muller que lle dicía:

- Aquí tes unhas moedas. Consígase algo de comer. Aínda que a situación estache di'fícil, non perdas as esperanzas, Nalgunha parte hai un emprego para vostede. Agardo que axiña o atope.

- j Moitas graziñas, señora! Deume vostede a oportunidade de escomenzar de novo e axudoume a ter máis ánimo. Xámais esqueceré a súa xentileza.

- Estará vostede comendo o pan de Cristo. Compartao, dixo ela cun cálido sorriso dirixido máis ben a un home e non a un mendigo.

Víctor sintiu como se unha descarga eléctrica lle recorrea o

corpo. Atopou un lugar barato onde xantar; gastou a metade do que a señora lle derá e resolveu gardar o que lle sobrava para outro día. Comería o pan de Cristo dous días. Unha vez máis aquela descarga eléctrica correu polo seu interior. jo pan de Cristo.

- j Un momento! cavilou.Non poido gardarme o pan de Cristo para mín mesmo.

Lle asemellaba estar escoitando o eco dun vello himno que aprendera na escola dominical. Nese intre pasou ao seu carón un ancián.

- Quizavedes ese pobre ancián teña fame, pensou. Teño que compartir o pan de Cristo, Oia exclamou Víctor; ¿Lle gustaría entrar e comerse unha boa comida?

O vello douse volta e o ollou con incredulidade:¿Fala vostede en serio, amigo?

O home non daba creto a súa boa fortuna ata que se sentou nunha mesa coberta cun hule e lle puseron diante un prato de guiso quente.

Ao longo da cea, Víctor decatouse de que o home envolvía un anaco de pan nun pano de mesa de papel.

- ¿ Está gardando un pouco para mañá? preguntoulle

- Non, non é que hai un mozo que coñezo por onde frecuento.

Pasouno mal últimamente e estaba chorando cando o deixei. Tiña fame e vou levarlle o pan.

O pan de Cristo. Lembrou novamente as verbas da muller e tivo a estrana sensación de que había un terceiro convidado sentado a aquela mesa . Ao lonxe as campás dunha igrexa asemellaban entoar nos seus oídos o vello himno que xa antes soara na súa cabeza.

Os dous homes levaron o pan ao neno famento que escomenzou a engulilo. De súpeto se detivo e chamou a un can, un canciño perdido e ateimado.

- Aquí tes, canciño. Douche a metade, dixo o neno.

O pan de Cristo chegaría tamén paa o irmán cuadrípedo. San Francisco houbera feito o mesmo, pensou Víctor.

O meniño trocará totalmente de semblante. Puxose de pé e comenzou a vender o xornal con entusiasmo.

- Deica logo, dixo Víctor ao vello. Nalgunha parte hai un emprego para vostede. Axíña dará con él. Non desespere. ¿sabe? a súa voz tornouse nun susurro. Esto que comimos é o pan de Cristo. Unha señora mo dixo cando me deu aquelas moedas para mercado. ¡O futuro nos depara algo bó!

Ao alonxarse o velliño, Víctor deuse a volta e atopouse co can que lle ulía unha perna. Agachouse para acaricialoe

descubriu que tiña un collar co nome do dono gravado.

Víctor percorreu un longo camiño ata a casa do dono do can e chamou á porta. Ao saír este e ver que atopara ao seu canciño, púsose moi ledto. De súpeto a expresión da súa faciana tornouse seria. Estaba por reprocharlle a Víctor que seguramente roubara o can par cobrar a recompensa, pero non o fixo. Víctor ostentaba un certo aire de dignidade que o detivo. En cambio dixo:

- No xornal da mañá de onte ofrecín unha recompensa.¡ Aquí a ten!

Víctor mireu o billete aturdido - Non poido aceptalo, dixo ficando. Só quería facer un ben ao can.

- j Collao! Para mín non vale moito máis que iso ¿ Ll e interesaría un emprego?Veña a miña oficina mañá. Faima moita falla unha persoa integra como vostede.

Ao voltar a emprender Víctor a súa aindana pola avenida aquel vello himno que lembraba a súa nenez voltou a soarlle na alma. **Títulabase Parte el Pan de vida....**

Xa o dicía Santa Teresa de Calcuta : non os cansedes de dar; pero non dedes as sobras, dade ata sentilo, ata que os doa Unha das virtudes máis fermosas en nós é a xenerosidade e se ademais temos a capacidade de compartila estade seguros que a nosa vida será máis fermosa.

ACTOS XANEIRO

- Luns 9: Sorteo ante notario na sede de ASE-TEM-CCA dos premios da campaña de nadal O teu centro comercial está en Melide
- Venres 11: Curso de salarios, nóminas e seguridade social. A sede da Asociación de Empresarios Terra de Melide- Centro Comercial Aberto acollerá este curso que se impartirá venres e sábados.
- Ata o 8 de febreiro: presentación dos boletos agraciados no sorteo de ASETEM-CCA na sede da asociación, Rúa lino Sexto Sánchez, 9 baixo.
- Ata o 15 de Marzo: aberto o prazo para poder conorrer ao certame de creación literararia Terra de Melide. Información no Concello
- Venres 18: música de Bruno T. Ford no Pub Gatos. Concerto enmarcado dentro da Rede Galega de Música Ao Vivo (RGMAV).
- Sábado 26: concerto do grupo Liridade Noctura con sons do reggae galego

LIÑAS DE AUTOBÚS

MELIDE - A CORUÑA De luns a venres: 9.30, 13.15, 17.00, 20.45, Sábados: 9.30, 13.15, 17.00, 20.45 Domingos e Festivos: 9.30, 17.00, 20.15, 20.45, 22.30	Sábados: 7.50, 10.15, 11.55, 15.25, 17.50 Domingos e festivos: 7.50, 11.55, 15.25, 17.50, 20.20
A CORUÑA - MELIDE De luns a Venres: 8.00, 11.30, 15.30, 19.00 Sábado: 8.00, 11.30, 15.30, 19.00 Domingos e Festivos: 8.00, 11.30, 15.30, 17.00, 19.00	MELIDE - LUGO De luns a venres: 7.55, 10.10, 11.55, 13.35, 16.05, 16.55, 19.25, 20.50, 21.50 (só venres lectivos) Sábados: 7.55, 11.55, 13.35, 16.55, 19.25 Domingos e festivos: 7.55, 11.55, 16.55, 19.25, 20.50
MELIDE - FERROL Sábados: 19.15 Domingos e Festivos: 19.15	TOQUES - MELIDE (Folladela-Fondevila) Luns a venres laborables: Saída de Fondevila: 10.20 Saída de Melide: 12.30 Domingos excepto último de mes: Saída de Fondevila: 8.15 e 11.00 Saída de Melide: 13.00 Último domingo de mes: Saída de Fondevila: 7.45 Saída de Melide: 13.00 e 14.00
FERROL - MELIDE Sábados:10.30 Domingos e festivos: 17.00	
MELIDE - OURENSE De luns a venres: 9.30, 12.30, 17.00, 20.00 Sábados: 9.30, 12.30, 17.00, 20.00 Domingos e festivos: 9.30, 12.30, 17.00, 19.00, 20,00	
OURENSE - MELIDE De luns a venres: 8.00, 12.00, 15.30, 19.15 Sábados: 8.00, 12.00, 15.30, 18.00, 19,15 Domingos e Festivos: 9.30, 15.30, 18.00, 19.15, 21.00	MELIDE - TOQUES (Fondevila-Folladela) Martes e venres laborables: Saída de Folladela: 8.30 Saída de Melide: 12.30 Domingos excepto último de mes: Saída de Folladela: 8.40 Saída de Melide 13.00 Último domingo de mes: Saída de Folladela: 8.30 Saída de Melide: 13.00 e 14.00
MELIDE - SANTIAGO De luns a venres: 6.45, 7.50, 10.15, 11.55, 14.05, 14.40 (per. lectivo), 15.25, 17.50, 20.20	

TELÉFONOS DE INTERESE

URXENCIAS		Atención ao cidadán	981120012	I.E.S. de Melide	981505162
UrxenciasSanitarias	061	Valedor do pobo	981571900	C.E.I.P nº1	981505238
BombeiroS	080	Economía facenda	981545151	C.E.I.P nº2	.981505929
Incencios Forestais.....	..085	Industria e Comercio	981544341	Gardería	.981505003
Policía Municipal		Sevizo Galego Colocación	981125000	U.A.F. de Melide	981 507742
Urxencias	092	Teléfono da Muller	900400273		
Melide	981505003	Teléfono do Menor	900444222	SANTISO	
Policía Nacional	091	Dirección Xeral de Tráfico	900125505		
Garda Civil		Correos.	902197197	Casa do Concello	981818501
Urxencias	062	Auga	981242322	Centro de Saúde	
Melide	981505007	Electricidade	981147200	Agrochao	981517803
S.O.S		Gas.	900760760	Visantoña	.981510749
S.O.S Galicia	112			Xulgado de Paz	981 818501
Protec.Civil.	670498848				
		MELIDE			
TRANSPORTES		Casa do Concello	981505003	SOBRADO	
Renfe		Centro de Saúde	981506176		
Nacional	902240202	Servizos Sociais	981505012	Casa do Concello	981787508
A Coruña		Consevatorio	981507100	Desenvolvemento local	981787508
Santiago		Polideportivo	981507752	Centro de Saúde	981787744
Autobuses		Centro Social da 3ª Idade	981505706	Mosteiro de Sobrado	981787509
A Coruña	981239099	Parada de Taxis	981505390	Xulgado de Paz	981787508
Santiago	981542416	Oficina de emprego	981505204		
Aeroportos		Albergue Xuvenil	981507412	TOQUES	
A Coruña.	981187200	Albergue do Peregrino	660396822		
Santiago	981547500	Centro Ocupacional	981505003	Casa do Concello	981505826
Vigo	986268200	A.S.E.T.E.M-CCA	981506188	Centro de Saúde	981507301
SERVIZOS E INSTITUCIÓNS		Fundación Terra de Melide	981507244	Xulgado de Paz	981505826

María Jesús Iglesias Sánchez, avogada

A confianza entre cliente e avogado é fundamental nesta profesión

Dende o seu despacho, María Jesús Iglesia traballa para ofrecer os seus servizos legais ás persoas que o precisen. Esta avogada afirma exercer o dereito porque lle gusta o

oficio e axudar á xente a solventar os seus problemas legais. Defensora por profesión e por natureza avoga por manter sempre unha boa relación co cliente.

Nada máis rematar a carreira de dereito adicouse un ano a opositar para a administración local pero axiña o deixou porque anhelaba exercer a avogacía. Así que non o dubidou e no ano 1995 abreu as portas do seu despacho coa ilusión de empezar a súa andaina profesional aos servizos dos demais. Dende entón non parou de traballar sempre en defensa da lei.

- Nos inicios da túa profesión, atopaches moitas dificultades?

- Algunha, supoño que como todos cando emprenden algo novo pero o certo é que tiveron moito apoio pola banda dos meus compañeiros que levaban máis tempo exercendo. En especial lembro a Antonio Hermida, ao que lle estare eternamente agradecida porque sempre me deu folgos para saír adiante e estivo ao meu carón nos meus inicios profesionais dandome moi bos consellos.

-Cando abriches as portas do teu despacho, clientes non che fallarian ?

- Pois a verdade é que foron vindo pouco a pouco. O principio ao mellor pasaba

Antonio Hermida foi o meu gran apoio nos meus inicios profesionais

cinco meses sen poder ter ningún caso. Ademais ao ser muller algunha xente semellaba máis recitente pero afortunadamente hoxe gozo dunha boa clientela. Eu creo que parte disto débese a premisa de que nesta profesión o fundamental é a relación de confianza entre o avogado e o seu defendido que fai que as cousas fluían moito mellor.

- Qué ámbitos do dereito son os máis demandados pola xente?

- Os temas nos que as persoas solicitan máis axuda



María Jesús Iglesias recibe moitos casos no seu despacho ubicado no centro do casco urbano

legal soen ser os de carácter civil como os vencellados ao matrimonio, as herdanzas ou os relativos a divisións na fincas. Támén hai moito traballo en cuestións penais. O ámbito mercantil é quizás o menos requirido,

os casos que aquí chegan soen ser puntuais

- A que cres que se debe que os temas mercantis esten tan pouco solicitados?

- Porque en Melide non hai industria de abondo como para xerar conflitos neste eido, a súa escasez fai que tampouco haia apenas problemas laborais de cara aos traballadores. Está claro que se o tecido industrial fora máis amplo habería máis cuestións mercantis pero nós ao vivir nun entorno máis rural é lóxico que se demanden outro tipo de temas máis vencellados a

este eido.

-Todo o teu traballo o realizas no despacho?

-Non. É evidente que si é un tema de divorcio podes tramitalo todo dende aquí pero hai casos como os relacionados coas fincas nos que tes que ir para constatar persoalmente a realidade do que che conta... En definitiva tes a obriga de saír ás veces para ver aqueles asuntos nos que se require que teñas un coñecemento directo da

As cuestións civís e penais son as máis demandas pola xente

situación.

-Supoño que polo túa profesión visitas moitos os xulgados...

-Eu, persoalmente, prefiro esgotar tódalas posibilidades de chegar a unha solución amistosa antes de acudir ao xulgado, sobre todo, porque resulta máis gravoso para o cliente. Só cando ves imposible chegar a un

acordo e cando se recorre ao xulgado.

- Desenrolas outras tarefas aparte das que xa comentamos?

- Tamén son avogada de oficio. É unha guardia para prestar asistencia ás persoas que non teñen recursos ou xente que inda tendoos nun momento puntual precisan da presenza dun avogado

- O teu papel de defensora como é nos pleitos?

- Nós facemos o que boa-

llas o acto do xuízo e a presentación de todas as probas que poidas recabar.

- Cada pouco tempo sse publica unha lei, o teu oficio é de constante aprendizaxe?

- Sí, porque temos que estudar, consultar a xurisprudencia e reciclarte mediante cursos. O dereito é moi dinámico en materias nas que debido a evolución dos tempos tense que crear novas leis que se adapten ás novas necesidades que van xurdindo. Sen embargo, en outras materias é máis inamóvil como o amosa o código civil que está en vixencia dende o século XIX.

-Por último, ven polo despacho xente para saber da lei de dependencia?

- Sí pero nestes casos os remito asuntos sociais que son os que se encargan da súa tramitacións. Esta lei pareceume un gran logro, sobre todo, para as mulleres que son as principais coidadoras dos maiores.

mente podemos neles para ter aos clientes satisfeitos.

Aquí entra en xogo a chamada ambigüedad da lei, é dicir, eu defendo o meu cliente dende unha perspectiva e o avogado da outra parte dende outra pero ao final é sempre o xuíz o que decide. A posibilidade de gañar un pleito vai en cómo expoñas o caso, cómo traba-

Portada	P1	Deportes	P19
Editorial	P2	Colaboracións	P20
Melide	P3	Axenda	P22
Imaxes do Nadal	P8	A entrevista do mes	P23
Empresa e comercio	P10	Contraportada	P24
Cultura e lecer	P12		

ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS TERRA DE MELIDE- CENTRO COMERCIAL ABERTO (A.S.E.T.E.M- C.C.A.).
Nº33. decembro de 2007- 8 xaneiro 2008. Distribución gratuíta. Tamén en internet: www.asetem.com

Os máis pequenos da vila viviron a súa noite máis máxica do ano

Os Reis Magos de Oriente traen a ilusión a centos de nenos de Melide

Coa ilusión de ver de novo en persoa aos tres Reis Magos, centos de nenos e adultos encheron as rúas de Melide para gozar da cabalgata que trouxo a cor á noite máis máxica do ano. Neste día os reis fixeron a miragre de que os maiores foran de novo pequenos e que os máis cativos admirasen, abraizados, as ropas dos magos e os nove paxes así como os cabalos nos que viaxaron ata á vila. As súas maxestades, logo do percorrido, polas rúas fixeron unha parada no seu camiño descansando na praza do Convento onde recibiron a tódolos nenos que querían coñecerlos de preto repartíndolles caramelos e agasallos.



As súas maxestades de Oriente chegaron a Melide a lomos dun fermosos cabalos



Baltasar falando cunha das cativas



Unha pequena colle os caramelos que lle da Gaspar



Melchor dandolle un agasallo a un neno